

MI VACÍO Y YO

Adrián Silvestre, 2022

1007

ESTREA EN NUMAX: 16.09.2022 | V.E. | 98 min | +12

Raphi é unha persoa nova, andróxina e algo naíf. Escribe poemas e soña con namorar dun príncipe azul. Da súa Francia natal trasládase a Barcelona, onde a realidade está moi lonxe de ser como a proxecta. Tras ser diagnosticada de disforia de xénero, comezará unha ardua viaxe para asumir a súa verdadeira identidade. Médicas, compañeiras, artistas e homes que vai coñecendo daranlle os seus propios consellos, pero só o tempo e a experiencia axudarán a Raphi a atopar o seu lugar no mundo.

«Un filme fermoso, inestable e moi consciente sempre de ocupar ese lugar perfecto entre o sublime e, en efecto, o ridículo. Sempre máximo.»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Adrián Silvestre: «Gústame provocar debate, situar o espectador nun lugar complexo para facelo pensar»

Por Sandra M. Ríos

Tanto Sedimentos (2021) como *Mi vacío y yo* xogan moito co narrativo e o non narrativo. Dáme a impresión de que no teu proceso creativo non te preocupas moito pola escolla do formato, ou máis ben non es moi estrito con eles. De feito debo dicir que é unha despreocupación intencionada e case unha provocación, como dicíndolle ao público e aos festivais: "Ves que non son tan diferentes". Cando eu vexo un filme trato de non ler previamente del e cuestionarme se o que estou a ver está sucedendo de verdade. *Mi vacío y yo* tiña que ser unha ficción, porque estabamos a recrear algo do pasado e en *Sedimentos* non me preocupe moi. Tentei non dicirlles nunca se era un documental ou unha ficción, só lles dixen que foran elas mesmas, que non forzasen nada. Deixei que fosen os propios axentes, distribuidores e festivais quen lles puxesen as etiquetas.

Como foi o proceso creativo? A min sempre me funcionou comezar a través da formación, se quero coñecer unha comunidade ou grupo, ofrezco un taller ou algo que teña un formato moi libre onde poidan participar e achegar cousas. Case sempre traballei con mulleres. De aí saen os relatos e as historias de vida. Constrúo a partir da escoita, comezo a ensinar de actuación para que perdan o medo á cámara, que tomen elas mesmas a cámara e se filmen. Isto é algo que leva tempo e psicoloxía.

Séntese cómodo traballando con actores non profesionais? Para min é doado. Hai directores aos que lles dá medo traballar con xente natural e eu penso que podería traballar case con calquera que non fixera cinema. Son como un lenzo, ti podes incorporar cousas, entender a persoa e ir vendo até onde pode chegar. Cun actor profesional que veña moi moita conciencia do que quere, eu aí non sei onde restar e sinto que o meu traballo como director se desdebuxa.

Os teus filmes contan de forma diferente as historias LGBTIQ+. Que tipo de historias cres que non están a ser contadas e sobre todo de que maneira deberan abordarse? Eu creo que falta contar máis todas as realidades, aínda que alguén do heteropatriarcado poderá dicirte que se están a contar de máis e hai unha saturación. A realidade é que eu sigo sen ver filmes de homes trans, de persoas con diversidade funcional, de xente seropositiva. Hai unha chea de cuestións que aínda non vemos no cinema e se se ven, son moi minoritarias e para un nicho. Sobre o que e o como, penso que é o que estabamos a falar, facelo con esas persoas, escoitalas.

Con este díptico pechas as historias con esta comunidade ou vas seguir a filmalas? O meu novo proxecto é unha historia familiar e persoal, un reto para min. Non sei o que farei no futuro, o importante é non facer un cinema complacente. Gústame provocar debate, situar o espectador nun lugar complexo para facelo pensar.